



II CURSO SUPERIOR DE ATENCIÓN ESPECIALIZADA NA ENFERMIDADE DO ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS NEURODEXENERATIVAS

1. Información xeral

AGADEA pon en marcha a segunda edición do “curso superior de atención especializada na enfermidade do alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas” a distancia. Este curso está dirixido a **profesionais e a estudantes do sector sociosanitario**.

Existe a posibilidade de facer o curso completo ou facer módulos soltos.

O curso ten unha duración de **150 horas teóricas** e **120 horas prácticas**. As horas teóricas son obrigatorias e as prácticas opcionais, tan só para aquelas persoas con imposibilidade de mobilidade xeográfica ou falla de dispoñibilidade horaria por estar empregadas xa que o curso é a distancia (será preciso acreditar dita situación).

Existe a opción de realizar o curso por **módulos**.

As prácticas pódense realizar nas diferentes localizacións onde a asociación exerce a súa actividade (Santiago de Compostela, Ribeira e A Estrada).

O módulo de fisioterapia e de conta con dúas horas de prácticas que se poden realizarán en Ribeira.

As horas teóricas comezan o **8 de maio e rematan o 29 de xuño**. A data das horas prácticas determinarase segundo a dispoñibilidade do alumnado.



2. Metodoloxía

Os módulos enviaranse por correo electrónico nas datas sinaladas e en función do temario a abordar, a duración de todos os módulos, excepto o módulo VII é de 20 horas. Cada módulo terá un prazo dunha semana para o seu estudo, consulta de dúbidas e realización dunha proba dos coñecementos adquiridos.

O inicio de cada módulo a persoa titora correspondente enviará un correo electrónico de benvida explicando as normas do módulo correspondente.

Por cada módulo haberá un día de titorías a través do correo electrónico para que a persoa docente responda ás dúbidas que vaian xurdindo.

Realizarase ao final de cada módulo unha proba de avaliación que haberá que cumprimentar e enviar ao correo curso@agadea.org no mesmo día que se envía.



3. Obxectivos

MÓDULO I. Introducción á enfermidade do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir aqueles coñecementos que se precisan acerca do Alzheimer e das diferentes tipoloxías de demencias existentes.

- Introducir aos/as alumnos/as na temática a impartir.
- Identificar e distinguir os diferentes tipos de demencias así como de diferenciais da enfermidade do Alzhéimer.

MÓDULO II. Familia e cuidador familiar de persoas con alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas (20 horas).

Desenvolver no/a alumno/a os coñecementos necesarios acerca do rol que desempeñan as familias sobre as persoas que padecen a enfermidade do Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas, así como as aptitudes e comportamentos de apoio moral ao cuidador/a principal e coñecer o seu perfil.

MÓDULO III. Estimulación Cognitiva na Enfermidade de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir aqueles coñecementos necesarios acerca da conceptualización da estimulación cognitiva así como as diferentes estratexias que a conforman e as recomendacións metodolóxicas precisas para poder desenvolvela.

MÓDULO IV. Comunicación e intervención en problemas de comportamento na enfermidade de alzheimer e outras demencias neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir os coñecementos necesarios sobre a comunicación e os seus procesos así como comprender cómo se desenvolve a comunicación nos enfermos de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e desenvolver estratexias para a súa mellora.

MÓDULO V. Intervención do Terapeuta Ocupacional con Persoas con Enfermidade de Alzhéimer e outras Demencias Neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir os coñecementos necesarios acerca do perfil do terapeuta ocupacional e desenvolver as aptitudes precisas para coñecer o papel que debe levar a cabo á hora de intervir con persoas con Enfermidade de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.

MÓDULO VI. Aplicacións Prácticas de Fisioterapia en Alzhéimer e noutras Demencias Neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir os coñecementos precisos acerca dos cambios físicos na idade anciá así como as alteracións físicas en enfermos de Alzheimer e outras demencias



neurodexenerativas; deberá adquirir tamén as competencias básicas sobre persoas con déficit de mobilidade e o masaxe básico.

MÓDULO VII Afectividade e Sexualidade na Vellez e na Enfermidade de Alzheimer e outras Demencias Neurodexenerativas (10 horas).

Coñecer as necesidades afectivas e os prexuízos sexuais existentes na vellez así como as condutas sexuais nas persoas enfermas de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e o modo de intervir.

MÓDULO VIII Aspectos Sociais no Mundo Da Enfermidade de Alzheimer e Outras Demencias Neurodexenerativas (20 horas).

Adquirir os coñecementos necesarios no marco socioeconómico e legal da enfermidade do alzheimer e outras demencias neurodexenerativas e a súa contextualización

4. Calendario

maio-17					xuñ-17				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1	2	3	4	5				1	2
								MÓDULO IV TITORÍA	MÓDULO IV
8	9	10	11	12	5	6	7	8	9
MÓDULO I	MÓDULO I	MÓDULO I TITORÍA	MÓDULO I	MÓDULO I Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO IV Envío exame o mesmo día	MÓDULO V	MÓDULO V	MÓDULO V TITORÍA	MÓDULO V
15	16	17	18	19	12	13	14	15	16
MÓDULO II	MÓDULO II	DÍA DAS LETRAS GALEGAS	MÓDULO II TITORÍA	MÓDULO II	MÓDULO V Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO VI	MÓDULO VI	MÓDULO VI TITORÍA	MÓDULO VI
22	23	24	25	26	19	20	21	22	23
MÓDULO II Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO III	MÓDULO III	MÓDULO III TITORÍA	MÓDULO III	MÓDULO VI. Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO VII	MÓDULO VII TITORÍA	MÓDULO VII Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO VIII
29	30	31			26	27	28	29	30
MÓDULO III Envío exame. Devolver o mesmo día	MÓDULO IV	MÓDULO IV			MÓDULO VIII	MÓDULO VIII TITORÍA	MÓDULO VIII	MÓDULO VIII Envío exame. Devolver o mesmo día	



5. Prezos

Os prezos do curso son os seguintes:

Curso completo	Curso por módulos
200 €	30 € por módulo

6. Prazo de inscrición

O prazo de inscrición está aberto ata o **2 de maio** para o curso completo.

Para aquelas persoas que desexen facelo por módulos, o prazo de inscrición será unha semana antes do comezo do módulo:

MÓDULO	DATA LÍMITE MATRÍCULA
Módulo I	2 de maio
Módulo II	8 de maio
Módulo III	16 de maio
Módulo IV	23 de maio
Módulo V	30 de maio
Módulo VI	6 de xuño
Módulo VII	13 de xuño
Módulo VIII	16 de xuño

Para inscribirse é necesario enviar a ficha de inscrición xunto co recibo do pago a curso@agadea.org.

O número de conta é o seguinte. No concepto do ingreso debes indicar o voso nome con apelidos e a continuación "II Curso Superior" (exemplo María Castro II Curso Superior)

IBAN ES07 2080 0378 5730 4000 5297 - A Banca